



PLAN DE
CONVIVENCIA
ESCOLAR

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL	6
2.1. Análise do contorno	6
2.2. Análise conceptual.....	6
2.3 Análise da situación actual e das accións levadas a cabo	7
3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	9
4. PLAN DE ACTUACIÓN	10
4.1. Obxectivos.....	10
4.2. Actuacións previstas para mellorar a convivencia no centro.....	11
4.3. Protocolos de actuación e detección do acoso escolar.....	16
5.. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN.....	22
6. SEGUIMIENTO e AVALIACIÓN.....	22
7 APROBACIÓN DO PLAN.....	22
9. ANEXOS.....	23
ANEXO MEDIACIÓN:	23
ANEXO II ACTIVIDADES DE ASAMBLEA	25
ANEXO III AULA DE CONVIVENCIA.....	29
ANEXO IV METODOLOXÍAS ACTIVAS.....	31
ANEXO V PRÁCTICAS RESTAURATIVAS.....	35
ANEXO VI NOF.....	36
ANEXO VII TIPOLOXÍA DE ACOSO	39
ANEXO VIII NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR ESCOLAR	41

1. XUSTIFICACIÓN

A escola é o primeiro lugar da convivencia cidadá. Queremos que o noso centro sexa un espazo onde se propicie a comunicación, o encontro entre as persoas, ordenado con principios e regras baseadas no diálogo e na resolución directa e pacífica dos conflitos; sen esquecer tamén que sexa un escenario do interpersoal que esixe afecto e a comprensión, necesarios para adquirir seguridade e autoestima.

Non pretendemos en ningún momento negar a existencia dos conflitos. Está claro que os conflitos existiron e seguirán a existir; son o resultado dunha sociedade plural e polo tanto enriquecedora, pero tamén competitiva e excluín-te, onde é máis salientable o que nos separa que o que nos une: diferenzas socioeconómicas, de criterios, aspiracións, intereses contrapostos, prexuízos... Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

Partindo dunha visión positiva dos conflitos, os principios que sustentan o Plan de Convivencia do C.E.I.P. A Rúa son os que seguen:

- A elaboración do noso Plan de Convivencia é o resultado da **implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa**: profesorado, pais e nais, alumnado, persoal non docente, para o fomento dunha boa convivencia no Centro. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa as portas do colexio, todo canto acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando na escola xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa debemos ser parte da súa solución. Nesta liña, o Plan de Convivencia do noso centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral do centro escolar.
- **O papel da familia é fundamental** porque leva a cabo a socialización primaria, as primeiras aprendizaxes que van marcar o desenvolvemento posterior do alumnado. Na medida en que poidamos traballar conxuntamente, nos ámbitos familiar e escolar, teremos máis garantías de lograr todos os obxectivos que nos propoñemos.
- **A prevención** é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo céntrase en previr as condutas contrarias a ela. Dámoslle prioridade a aquelas actuacións destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- Entendemos a convivencia como un **fin educativo a traballar** que vai máis alá da mera

aplicación de medidas disciplinarias. É para nós un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, ao rexeitamento de toda discriminación e á compensación das desigualdades.

- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia baséanse no NOFyC. A Comunidade educativa ten que actuar conforme ao disposto neste regulamento. Cando sexa necesaria unha corrección terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todos os alumnos/as.

Estamos na procura dun estilo educativo que permita pasar da dependencia, heteronomía, onde a norma a pon o outro, á autonomía e a liberdade, onde cada quen poida avaliar, revisar e analizar por si mesmo as súas propias normas e as súas propias eleccións.

- Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de **coordinación entre o equipo docente**. Dita coordinación establécese sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo: determinando os obxectivos básicos a conseguir co grupo-clase, consensuando tamén as normas co alumnado, posibilitando a interiorización das mesmas e a súa transferencia a outras situacións... É a nosa intención chegar a consensos que nos permitan elaborar protocolos de actuación eficaces, froitos dunha reflexión colectiva e adaptados ás necesidades particulares do noso centro.
- **A acción tutorial** é un instrumento básico para desenvolver a convivencia a través dela. Cobra unha vital importancia a labor que se debe levar a cabo desde a tutoría. Os/as tutores/as poden propoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, desenvolvendo actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas opinións, emocións e comportamentos..., achegando información ao resto do profesorado e ás familias. Os momentos diarios de asemblea son un momento propicio para isto
O obxectivo final é a mellora da convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elaboramos é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

Marco legal

- **Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011**, de 30 de xuño, de convivencia y participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar
- **Decreto 374/1996, de 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **ORDEN de 22 de xullo de 1997** por la que se regulan determinados aspectos de organización y funcionamento das escolas de educación infantil, de los colexios de educación primaria y de los colexios de educación infantil y primaria dependentes de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria.
- Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se modifican algúns aspecto da orde do 22 de xullo de 1997
- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo de educación infantil
- Decreto 105/2014 pola que se desenvolve o currículo de educación primaria
- Lei 4/2011 do 30 de xuño da convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**
- Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de la Educación Primaria.
- Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil

O informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación do século XXI propón a educación ao longo da vida baseada en catro pilares, sendo un deles “aprender a convivir e vivir xuntos”: comprendendo mellor os demais, ao mundo, os dereitos e deberes e a interdependencia positiva que se produce q todos os niveis.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL

2.1 Análise da contorna

O C.E.I.P. A Rúa está situado no concello de Cangas, na provincia de Pontevedra, concello de marcado carácter mariñeiro, que contaba no ano 2020 con 26 582 habitantes, distribuídos entre a zona urbana da vila e a zona rural circundante.. É un centro educativo de titularidade pública que desenvolve o seu labor en xornada continuada de 9:30 a 14:30 horas. O centro conta con 9 unidades, 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria, cun claustro de o redor de 15 mestres e una matrícula que ronda entre os 160- 190 alumnos. A meirande parte das familias viven no Forte e na Avenida de Marín, no centro de Cangas, outras proceden das inmediacións do centro, A Pedreira e Santo Domingo. Hai un pequeno sector do alumnado que non procede da zona de influencia do colexio.

A participación das familias na vida escolar é satisfactoria pero mellorable. A colaboración das familias coa ANPA é boa, xa que esta organiza as actividades extraescolares, colabora intensamente co colexio á hora de facer xestións ante os organismos oficiais e achega material e traballo para mellorar o centro.

En canto á estrutura das familias, debido á situación laboral e a diferentes problemáticas persoais, obsérvase un aumento claro do número de cativos/as que están ó cargo de avós e avoas. Este feito normalmente dificulta que se chegue a un acordo interxeneracional sobre as normas educativas, producindo un efecto negativo sobre o comportamento do neno/a. Obsérvase tamén un aumento das familias monoparentais e cada vez hai un maior fluxo e refluxo de alumnado, un que marcha e outro que se incorpora á escola por traslado de domicilio ou porque vén doutros países.

Entre o alumnado é destacable o excesivo interese polo consumo, con forte influencia da publicidade, da TV, de internet, das redes sociais e dos videoxogos, con un grande influencia na súa forma de xogar e relacionarse. Ademais, unha porcentaxe significativa do mesmo presenta escasas ou nulas habilidades sociais para establecer relacións e comparte unha filosofía de vida na que predomina a competitividade e o individualismo

2.2 Análise conceptual

Queremos partir de resaltar a importancia da colaboración de toda a comunidade educativa, por iso para a elaboración deste plan creouse en primeira instancia unha nova Comisión de Convivencia, onde debería haber membros do Equipo Directivo, do profesorado pertencente ás dúas etapas infantil e primaria e do departamento de orientación, así como a representación de

pais e nais de ambas etapas, cualificados, con formación en convivencia ou educación, para poder conversar e unificar ideas e criterios, mediante o debate; finalmente, creemos que é importante poder contar con membros externos como un membro do Concello formado tamén en estas lides, para que a visión deste plan sexa máis plural e obxectiva, dándolle ademais unha dimensión práctica que permita facer deste documento un elemento útil para traballar a convivencia do centro.

Un vocabulario básico de traballo debe xirar arredor de conceptos como: conflito, violencia (física, psicolóxica, doméstica, simbólica, virtual...), agresividade, agresión, matonismo, acoso, vandalismo, disciplina, comportamentos disruptivos, sexismo, xenofobia, marxinação, convivencia, respecto, absentismo, tolerancia, liberdade, autonomía, autoestima, asertividade, resiliencia, civismo, empatía, mediación, colaboración, igualdade... Esta relación de termos permanecerá aberta para poder incorporar calquera outro que poida xurdir ao longo do traballo. Así, nunha primeira aproximación, entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de xeito asertivo, respectando os dereitos dos outros e mantendo a amizade mutua.

Entendemos o conflito como a confrontación que se produce entre diversos intereses. A actitude coa que se enfronta unha persoa a un conflito é máis importante que a resolución do conflito mesmo. Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o cambio, como comunidade educativa debemos centrarnos en adquirir, experimentar e compartir espazos e ferramentas que permitan o aprendizaxe da autoregulación como medio para unha convivencia respectuosa, que acolle os individuos que a conforman.

2.3 Análise da situación actual e das accións levadas a cabo.

Nos últimos cursos vimos sendo testemuñas de que, se ben a convivencia xeral no centro é boa, estanse a dar condutas e situacións que esixen outro tipo de procedemento para a súa resolución. Para establecer unha situación de partida determinando onde atopamos estas dificultades, comezamos facendo unha reunión da Comisión de Convivencia na que se resaltaron as seguinte problemáticas e necesidades:

Entre o profesorado:

- Diferenzas entre algún compañeiro/a.
- En ocasións, falta de puntualidade.
- Falta de valoración do traballo desenvolvido por outros compañeiros/as.
- Difusión de información inexacta sobre distintas situacións que ocorren no centro.
- Dificultades para establecer diferenciación entre aspectos profesionais e persoais.

Entre alumnado e profesorado:

- Faltas de puntualidade.
- Interromper/ molestar ao profesorado cando da clase.
- Non seguir as instrucións do profesorado.
- Dirixirse ao outro (tanto profesorado coma alumnado) de forma irrespectuosa.
- Non sentirse escoitado/a.

- Sentir situacións inxustas e non poder comunicalas, por diferentes motivos.
- Alumnado que interrompe durante as explicacións das mestras ou durante as actividades complementarias.
- Alumnado que se nega a realizar unha tarefa reiteradamente. Esta situación comeza dende os cursos máis baixos en educación primaria.
- Agresións físicas, emocionais ou verbais.
- Elevado ton de voz.

Entre as familias:

- Facer partícipes aos seus fillos/as, de diferenzas que teñen no exterior, interferindo na relación que puideran desenvolver de xeito natural.
- Tomar decisións e intervir sobre situacións cotiás ocorridas no contexto escolar entre o seu fillo/a e outro compañeiro/a, que forman parte da normalidade dun centro escolar e non son constitutivas de falta.

Entre familias e profesorado:

- Acompañar ao seu fillo/a ata a aula, no momento da entrada, despois do período de adaptación.
- Diferenzas na forma de entender determinadas situacións, sensiblemente distintas segundo o entorno no que se produzan.
- Interferencias na metodoloxía seguida na aula.
- Discrepancias sobre situacións que aconteceron na aula.

Entre o alumando:

- Exceso de competitividade, a nivel de organización por filas, remate de tarefas, etc.
- Agresións físicas, emocionais ou verbais.
- Falta de respecto a quenda de palabra dun compañeiro/a
- Exclusión dun xogo ou actividade.

A nivel de claustro, detectamos as seguintes **necesidades**:

- Precisamos unhas pautas para poder xestionar esta tipoloxía de conflitos, tamén, saber que actuacións debemos considerar como límites e cales serán as consecuencias para esa problemática, secuenciada por niveis educativos ou ciclos.
- As nosas necesidades céntranse en ter unhas pautas claras e secuenciadas a seguir por parte de todo o equipo docente, así como, facilitar ferramentas de xestión de conflitos tanto nas aulas como no comedor do centro.
- Por outra banda, sería positivo ter un espazo no centro, no que o alumnado, as familias e os mestres se sentisen escoitados, respectados e valorados, para poder fortalecer vínculos entre o alumnado e os mestres ou ben entre o alumnado entre si.
- Formarnos: Esta formación iniciarase no 3º trimestre, en resolución de conflitos e emocións, aprendendo tamén a utilizar os círculos restaurativos para a mellora da convivencia.

A resolución dos conflitos que dificultan a convivencia enmárcanse nun primeiro momento dentro da propia Acción Titorial. Tentamos achegarnos á súa resolución adoptando unha perspectiva mediadora e dialogante, dando voz aos distintos implicados e, en ocasións, ás testemuñas. A maiores desta primeira aproximación, as **actuacións tomadas** ata o momento baséanse no comezo da realización dos círculos restaurativos este ano e no plan de formación, unha planificación de actividades a realizar no Plan de Acción titorial: mediante distintos textos e dinámicas de cohesión grupal realizadas en momentos de asemblea, por mor da pandemia moitas das actuacións que se viñan tomando no centro cesaron como a dos representantes de aula que mantiñan reunións periódicas e ademais no caso de 6º representaba o alumnado en reunións convocadas polo concello.

Outra das medida que continuará será: A escola de familias que leva a cabo o concello no noso centro, tamén axuda a que as familias podan manifestar as súas inquedanzas, sentíndose acompañadas no proceso de crianza dos seus fillos/as.

3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo a lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e o decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve dita lei, a comisión de convivencia esta formada polos seguintes integrantes:

- Presidenta: Verónica Paz Souto
- Representantes do profesorado: Rosa María López, Rosa Ana Rúa, Beatriz Bouzón e a persoa representante do D.O.
- Representantes de pais e nais: Alicia Alonso Iglesias, Julio Barreiro González e Javier García Barreiro.
- Representante de persoal non docente: -
- Profesoras dinamizadoras da convivencia escolar: Julia Iglesias Rivas e María del Carmen Pequeño del Río.
- Ademais contamos coa colaboración de Alberto Casqueiro do concello de Cangas, que leva a cabo no noso centro a escola de familias. É importante a súa colaboración pola súa experiencia e porque dende o concello tamén se ofertan servizos como o do comedor escolar

Esta Comisión de Convivencia terá unha reunión trimestral, pero poderá facer a maiores unha reunión extraordinaria, sempre que algún membro desta así o solicite.

4. PLAN DE ACTUACIÓN

4.1. Obxectivos

Os principios básicos deste Plan de Convivencia Escolar concréntanse nos seguintes obxectivos:

1. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
2. Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos demais, e ensinarase ao alumnado a saber ter amigos, aplicar o sentido de medida aos feitos, saber escoitar, saber manter a mirada, así como iniciar, manter e finalizar unha conversación, pedir as cousas con educación e por favor, dar as grazas ou saber recoñecer as calidades dos demais. Para todo iso, prepararanse actividades nos ciclos, coordinadas entre os seus membros para traballar programas de autorregulación emocional. a autoregulación nas relacións entre iguais, os mestres-e os alumnos, os mestres entresi e as familias.
3. Formar ao profesorado, alumnado e familias en estratexias de resolución de conflitos e sobre o rol do adulto en situacións de conflito e acompañamento emocional, así como formación na autorregulación e autocoidado dos mestres e para establecer vínculos de apego seguro entre o equipo docente e os alumnos.
4. Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos. Aprender a enfrontarse a eles seguindo o exemplo das persoas adultas e, ao mesmo tempo, por medio dun adestramento sistemático: expresando, escoitando, negociando para chegar a acordos satisfactorios. Incorporar a visión de que o conflito representa en realidade unha oportunidade de coñecernos máis, de falar de sentimentos e desexos, e entendernos mellor, de clarificar situacións, de ser máis conscientes das realidades e de profundar nelas.
5. Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase...

6. Diante dos problemas de conduta do alumnado seguiranse uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
7. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivacionais e educativas non dean resultado ou a non intervención poida xerar males maiores. Nese caso farase coa maior prontitude e proporcionalidade seguindo os protocolos establecidos.
8. Fomentar a implicación das familias na creación de vínculo seguros cos seus fillos e cos mestres, de acompañamento emocional e accións restaurativas en situacións de conflito. prevención e resolución de conflitos.

4.2. Actuacións previstas

Durante o curso escolar poderanse levar a cabo as seguintes actuacións:

- 1. Presentación ao principio de curso do Plan de convivencia e as Normas de convivencia ás familias, profesorado e alumnado. Así como das normas de comedor.**

Responsable: Equipo Directivo, orientador e titores.

Recursos: Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro e do comedor. Elaboración das propias normas polo alumnado da aula, que poderán ir modificándose ao longo do curso e estarán sempre visibles.

Normas de Convivencia do Comedor no Anexo VIII

Metodoloxía: Reunión informativa ao comezo de curso. Círculo restaurativo adicado a elaboración conxunta das normas de aula.

Temporalización: Primeiro trimestre. Setembro.

- 2. Realización de normas específicas para cada espazo, elaboradas polo alumnado do centro.**

Responsables: Representantes do alumnado e xefa de estudos.

Metodoloxía: Consenso nas aulas entre todo o grupo clase e posta en común para debater coa xefa de estudos na reunión de representantes de aula.

Temporalización: 1º trimestre. Outubro

3. Creación da comisión de Convivencia escolar do alumnado e da formación de mediadores. ANEXO 1

Responsables: Dirección, xefatura e Orientador/a

Metodoloxía: Debate na aula para elixir 2 mediadores e un representante de aula.

Temporalización: 1º trimestre. Setembro, reunión trimestrais con Do e xefatura.

4. Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia para evitar ambigüidades e contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos segundo o profesor presente.

Responsables: Todo o profesorado.

Recursos: Decisión tomada polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente todo o profesorado. Plan de convivencia e NOFyC

Metodoloxía: Aplicando as estratexias de mediación que tamén estarán presentes de forma visible nun espazo concreto da aula e patio.

Espazos: Todo o Centro, especialmente as aulas. E espazos comúns como patio e biblioteca. Contaremos cun aula de convivencia, na planta baixa, na saída ao patio.

Temporalización: Todo o curso.

5. Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos, así como actividades conxuntas de mestres e familias

Responsables: Todo a comunidade educativa

Recursos: Cartafol de titores, cursos de formación.

Metodoloxía: O departamento de orientación entregará un cartafol aos titores con material impreso. O profesorado implicado participará en cursos de formación.

Temporalización: A principios do curso entregarase o cartafol e a formación será continúa

6. Establecemento dun clima de clase de confianza, seguridade e non xuízo adecuado desde as primeiras semanas a partir da negociación das normas de convivencia entre profesorado e alumnado para facilitar o seu coñecemento e que sexan asumidas por todos.

Responsables: Todos os profesores en xeral

Recursos: aplicación de círculos restaurativos e xogos para cohesionar o grupo aula, traballar a autoestima e autoconhecimento así como habilidades sociais, repartirase a cada aula un material para poder traballar nas asembleas. [ANEXO II](#)

Metodoloxía: empregando o debate e o roll playing, técnicas de relaxación, e outras dinámicas de cohesión grupal

Espazos físicos: Todo o Centro, especialmente as aulas. Empregando a lo menos 3 sesión de asemblea semanais para o traballo da cohesión grupal.

Temporalización: Todo o curso.

7. Desenvolvemento dun Programa de Habilidades Sociais e dos diferentes roles e estratexias ante a Resolución de Conflitos para as etapas de educación infantil e primaria.

Responsables: Departamento de orientación, tutores e profesorado de apoio.

Recursos: En cada caso o programa específica os seus obxectivos, os bloques de contidos e a temporalización das sesións.

Metodoloxía: O departamento de Orientación do centro, nas reunións cos tutores e mestres de apoio correspondentes, revisan os programas e tómanse decisións sobre a súa realización. Os tutores aplicarán os programas nos seus respectivos grupos nas horas de titoría.

Espazos físicos: Despacho do Departamento de Orientación e aulas.

Temporalización: Cando o alumando cometa unha falta e teña que saír da aula, o profesorado de garda aplicará o programa de habilidades na aula de Convivencia. [ANEXO III](#)

- 8. O titor aplica o cuestionario e/ou sociograma aos seus alumnos con obxecto de que cada un reflexione sobre os ítems incluídos no mesmo. Seguidamente realízase un debate sobre os temas que afecten á clase. Sácanse conclusións e acórdanse medidas de mellora. Esta información trasladarase á Xunta de Avaliación.**

Espazos físicos: a aula de titoría

Temporalización: Unha vez ao final de cada trimestre

- 9. *Celebración do “Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das Nenas” e do “Día Escolar da Paz e a Non Violencia”.***

Responsables: A biblioteca

Recursos: Documentos escritos e audiovisuais que falen dos dereitos da infancia, da paz e da non violencia. Libros da biblioteca con biografía seleccionada para tal fin.

Metodoloxía: Activa, aplicando diversas mecánicas e propostas atractivas para o alumnado.

Espazos físicos: Aulas. Expositores dos corredores. Biblioteca

Temporalización: Última semana dos meses de novembro e de xaneiro.

- 10. O traballo do centro basearase, no traballo cooperativo, acompañamento da titoría entre iguais e aprendizaxes internivel e metodoloxías activas. ANEXO IV**

Responsable: Titores, equipo directivo mantendo a estrutura no horario para permitir estas agrupacións internivel

Recursos: Variados

Metodoloxía: Actividades por proxectos, matemáticas manipulativas, aprendizaxe da lectura e escritura en situacións contextualizadas. Momentos de actividade cerebral para mellorar a atención e oxixenar o cerebro. actividades no medio natural e intervencións en colaboración coas familias e a contorna próxima. unha das medidas preventivas a ter en conta debería ser ofrecer os alumn@s mais experiencias nos entornos naturais próximos.(rodeira, horta..) Crear espazos-aula que axuden a concentración e a manter un estado de calma, atendendo a psicoloxía ambiental.(color, ruído ambiental,colocación del mobiliario y espazos inclusivos en el aula que permitan la autoregulación)

Espazos físicos: Aulas, patio, biblioteca (aprendizaxe internivel)

Temporalización: Todo o curso.

11. Plan de acollida para o alumando, familias e profesorado de nova incorporación.

Recibirán un tríptico coa información máis relevante sobre o centro.

No caso das familias: facilitaráselles a comunicación con algunha familia de nen@s da aula na que se incorpora, para que non se vexan por primeira vez na aula. Implicando nesta acollida ao ANPA. A titora fará unha titoría previa ás clases coa familia e o nen@ poderá vir a coñecer previamente o seu titor/a.

No caso do profesorado: Será acompañado por algún docente nalgunhas das materias a primeira semana e será presentado ao grupo aula, se é o caso de ser un mestre substituto que apareza co curso xa iniciado. **ANEXO V**

12. Participación nos contratos programa Inclúete: Favorecendo así a convivencia dentro de Inclúete, emociónate, innova e convive.

13. Incorporación das practicas restaurativas **ANEXO VI**

Responsables: Profesorado

Metodoloxía: Practicas restaurativas

Temporalización: Todo o curso

14. Programade igualdade e xénero:

Responsables: Titores e biblioteca.

Metodoloxía: diversa

Recursos: Distintas experiencias na biblioteca e na aula co gallo de 25N, 8M
Aplicación do Protocolo de identidade de xénero

15. Formación ás familias sobre aspectos para mellorar a convivencia (estratexias de resolución de conflitos, detección dos malos tratos entre iguais...) ou outras materias

Responsables: Equipo Directivo e Departamento de Orientación.

Recursos: Escola de Familia, charlas de formación por parte de profesorado ou algún poñente.

Metodoloxía: Sesións informativas e material impreso. Vídeo promocional da escola de pais.

Espazos físicos: Aulas.

Temporalización: Sesións quincenais ao longo do curso

4.3 Protocolos de actuación

As actuacións teñen que ver fundamentalmente coa formación para o fomento da convivencia en todos os sectores da nosa Comunidade Educativa, coa adquisición de valores democráticos, e coa prevención de comportamentos que poidan alterar o discorrer normal da vida do Centro.

En caso de incumprimento das normas de convivencia establecidas e en relación coas alteracións do comportamento seguiremos os seguintes procedementos:

NORMAS DE ORGANIZACIÓN FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

No noso NOFyC (**ANEXO VI**) establécense as normas internas de convivencia, descríbense e clasifícanse as faltas de disciplina en leves e graves infórmase das correccións estipuladas para cada unha delas e quen son competentes para corrixilas.

POSIBLES SITUACIÓNS DE ACOSO E MALOS TRATOS ENTRE IGUAIS

“Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre seguir os protocolos comúns de actuación marcados pola xunta en situacións graves, como o acoso.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima. Os criterios son:

A existencia de intención de facer dano ▶ Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

A repetición das condutas agresivas (ANEXOS VII TIPOLOXÍA DE ACOSO)

- ▶ A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente
- ▶ Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente.

Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

- ▶ É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

A duración no tempo

- ▶ Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

- ▶ Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Son situacións de desigualdade e de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases:

▸ **fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.** En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:


- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias.



Cadro 1. Esquema da primeira fase do protocolo.

▸ **fase segunda: recollida de información e rexistro.** Recollerase información, mediante a observación, entrevista co presunto acosado e co acosador por separado, así como outro alumnado que poda ter información, así como coas familias dos implicados.



▸ **fase terceira: análise da información e adopción de medidas.** As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.


Algunhas destas medidas coa vítima, poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/ s
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación. ▸ Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...). ▸ De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
- Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .

Algunha das medidas a tomar co agresor/a, poderían ser:

- Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s. Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.



▸ **fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.**

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a Terceira fase Análise da información e adopción de medidas (anexo 15 e 16) Comunicación á dirección da información recadada Apertura de expediente (se procede) Adopción de medidas educativas (con independencia do proceso corrector) Non Si Protección e apoio á presunta vítima Outras medidas Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s Medidas provisionais para a/s persoa/s agresora/s Alumnado Familias Equipo docente Anexo 16 Anexo 16 Ver modelos normalizados 34 Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso www.educonvives.gal situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

PROTOCOLO EDUCATIVO PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO

Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio.

Algúns termos de interese a este respecto son:

- **Expresión de xénero:** formas de manifestar o xénero dunha persoa, que se manifesta nas maneiras de falar, mostrarse ante outras persoas, vestirse, a elección de xoguetes ou as actividades que prefire.
- **Identidade de xénero:** é o sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación cromosómica que a persoa posúa.
- **Identidade rexistral:** é a que se fai no momento do nacemento.
- **Transexualidade (Trans*):** é a situación na que se atopan as persoas cuxa identidade rexistral non coincide coa súa identidade de xénero.
- **Cissexualidade:** é a situación na que se atopan as persoas nas que as súas identidades, rexistral e de xénero, son coincidentes.
- **Orientación sexual:** é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara a outras persoas.

A identidade de xénero reside no cerebro, formándose Ao redor dos 3-4 anos de idade. Unha vez determinada é irreversible e invariable.

MEDIDAS E ACTUACIÓNS

Comunicación aos centros

- Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.

Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

- Cando os servizos de saúde realicen a valoración a través da familia e co seu consentimento, poderá remitir ao centro educativo aquela información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

Os departamentos de orientación

- Os departamentos de orientación que reciban información dun alumno ou dunha alumna, ou dos seus representantes legais ou dun deles cando o outro non faga manifestación expresa en contra, nun primeiro momento orientacións sobre:
 - A comunicación da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas que sexan procedentes en cada caso.
 - Aqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu dispor, no caso de que a familia ou a persoa

interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito.

Así mesmo realizará, co consentimento da familia nos casos pertinentes, o proceso de avaliación psicopedagóxica mediante o cal poderán detectar as posibles necesidades educativas, que plasmará no correspondente informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas (dirixidas tanto ao/á alumno/a como aos restantes membros da comunidade educativa á que pertence) de acordo coa normativa en atención á diversidade, ao plan de convivencia do centro e ás orientacións nesta materia.

- Cando un/unha alumno/a menor de idade e non emancipado/a comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia ou representantes legais, o centro educativo facilitaralle ao dito alumno/a o seu apoio e mediación na comunicación coa familia (ou representantes legais), así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- Cando na actitude da familia, ou representantes legais, ou dalgún membro da comunidade escolar, se detecten claramente indicadores de maltrato cara á identidade de xénero do/a menor, activaranse as actuacións previstas con carácter xeral nos instrumentos de convivencia do centro (plan de convivencia e normas de organización e funcionamento) e, se é o caso, nos protocolos de atención ao maltrato infantil.
- Sen prexuízo da aplicación inmediata das medidas anteriores, os responsables da orientación no centro, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para a información e formación dirixidas á comunidade educativa.

Establecemento das medidas de atención ás necesidades do/a menor:

- A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
- En reunión de claustro comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten o total de docentes do centro.

Recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio:

- Non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo.
- A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a (ou representantes legais).
- Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso **aos vestiarios e aseos do seu curso, no que non se incidirá na diferenciación por sexo.**
- Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero

Medidas para a información e formación da comunidade educativa

Realizaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa.

Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.

No caso de detectarse, actuarase segundo o previsto nos ditos protocolos.

5. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha memoria final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

Corresponde ao Comisión de Convivencia do Centro realizar a memoria final. Contará coa colaboración do departamento de orientación así como da persoa dinamizadora da convivencia no centro (conforme á Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes), que deberá realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

6. APROBACIÓN DO PLAN

Aprobación en Claustro e Consello o día 30 de xuño do 2022

ANEXO I MEDIACIÓN

Os conflitos son inevitables, xa que as persoas temos distintos intereses, necesidades e puntos de vista, ademais; estes non só se producen na familia ou coas amizades, senón tamén na comunidade e na sociedade en xeral. Que mecanismos nos axudarán a solucionarlos?

QUE É A MEDIACIÓN?

Consiste en recorrer a unha terceira persoa para que interveña e axude a restablecer a comunicación e a mellorar o clima para resolver o conflito. Esta persoa non ten que ser un docente. Debe ser una persoa recoñecida como neutral polas partes en conflito.

Os mediadores non son xuíces nin árbitros, non imponen solucións nin opinan sobre quen ten a razón, o que buscan é satisfacer as necesidades das partes en disputa, regulando o proceso de comunicación e conducíndoo por medio duns sinxelos pasos nos que, si as partes colaboran, é posible chegar a unha solución na que todos gañen ou, a lo menos, queden satisfeitos.

CARACTERÍSTICAS DE LA MEDIACIÓN?

- **VOLUNTARIEDADE:** calquera mediación está baseada no principio de voluntariedade, segundo a cal **as partes son libres de acollerse á mediación, de desistir en calquera momento y de alcanzar os acordos**, conforme a dereito, que estimen oportunos. O proceso de mediación pode ser suspendido a petición dun membro da parella, dos dous, ou da persoa mediadora.
- **IMPARCIALIDADE:** a persoa mediadora non defende os intereses de unha das partes nin a representa, senón que entre as súas funcións destaca a de **asegurar de que se teñan en conta os intereses das dúas partes**, de que se respecten os seus distintos puntos de vista e de que se preserve a igualdade das mesmas na negociación.
- **NEUTRALIDADE:** a persoa mediadora axudará a alcanzar os acordos **sen imponer solución algunha.**
- **CONFIDENCIALIDADE:** na medida na que no proceso de mediación se pode revelar información confidencial, a persoa mediadora e as partes deben manter a confidencialidade en relación coa información de que se trate.
- **BOA FE:** os participantes na mediación actuarán segundo as normas da boa fe: **comunicación respectuosa, evitando malos tons e xuízos de valor.**
- **AUTOCOMPOSICIÓN DO CONFLICTO:** a solución non ven imposta por teceiros, senón que a solución é negociada, asumida e acordada polas propias partes.
- **COLABORACIÓN DAS PARTES:** O desenvolvemento da mediación promove a colaboración e apoio permanente entre a persoa mediadora e ambas partes.

¿CALES SON AS FASES DA MEDIACIÓN?

1. **PREMEDIACIÓN:** realizase unha reunión por separado con cada persoa involucrada no conflito en busca dunha **“descarga emocional”** previa á mediación conxunta. É a primeira toma de contacto e coñecemento dos mediadores con cada parte. Tamén se explica o mecanismo da mediación, relátase o conflito e plantéxanse as consecuencias que tiveron ata o momento.

2. **ENTRADA:** teñen lugar as presentacións, explícanse as condicións e as normas para levar a cabo a mediación. **Créase un clima de diálogo e de confianza.**
3. **CÓNTAME:** cada unha das partes en conflito relata o sucedido dende o seu punto de vista. Entra en xogo a escoita activa e a asertividade. É importante que se manteñan as quendas de palabra ao expresar os sentimentos e as percepcións persoais. Os mediadores empatizan, pero sen tomar partido.
4. **SITUAR OU ACLARAR O PROBLEMA:** analízase o conflito, empatízase, resáltanse os aspectos en común que expoñen as partes e se poden pedir aclaracións. Para clarificar o conflito **se fan tanto preguntas abertas como pechadas, se parafrasea e se reflexan os sentimentos.**
5. **BÚSQUEDA DE SOLUCIONES:** inténtase un novo enfoque para avanzar cara a solución. Os mediadores solicitan ás persoas en conflito que fagan unha choiva de ideas sobre posibles solucións a dito conflito. **Se resaltan intereses comúns e quen media debe recoller todas as propostas.**
6. **O ACORDO:** escolle unha solución, analízase e redáctase un acordo que as partes implicadas firman, nunha linguaxe entendible e estruturada. **Exprésanse as demandas, os intereses e as necesidades para resolver conflito.**
7. **SEGUIMIENTO:** verificar e avaliar os acordos tomados. Por iso, é fundamental incluír un mecanismo e uns prazos para verificar los compromisos alcanzados.

ANEXO II ACTIVIDADES DE ASAMBLEA

- [Materiais da Diputación de Gipuzcoa: infantil, primaria.](#)
- [Programa cultivando emoci3ns. Comunidad Valenciana](#)
- [Antiprograma de Educación Emocional. Andalucía](#)


Cortos para traballar:

**Tamara**


Unha nena con discapacidade (déficit auditivo) quere ser bailarina. Este exemplo de superación persoal axuda a traballar a empatía, e tamén a mostrar que pese á diversidade a igualdade de oportunidades tamén existen.

**Cidade de cor:**

Non todas as persoas teñen a capacidade de sentir e expresar os seus sentimentos de igual modo.

**Colour your world with Kindness**

Promover a xenerosidade, a bondade ou a empatía é o propósito desta curta que quere **facen do mundo un lugar mellor**, porque as pequenas accións moitas veces marcan a diferenza.

**Cando estou enfadado**

O enfado é un sentimento normal, sempre e cando non se faga dano a ninguén.

Paula y su cabelo multicolor



Trata de ensinar aos niños a identificar as emocións básicas como son a alegría, a tristeza, o enfado ou o medo para que despois as acepten e poidan expresalas e

Monsterbox




Sobre a amizade. Os protagonistas son dous amigos totalmente diferentes que valoran a amizade por riba de todo, sabendo recoñecer os erros e aprendendo deles.



Medo: conta como un neno vive diferentes situacións de medo: á escuridade, ao ruído, ás persoas baixiñas, ás altas, etcétera, ata que adopta un can e se come todos os seus medos. Unha historia de fortaleza para superar unha difícil situación.



A ponte, ou pingüinos, formigas cangrexos Esta curta ensina a traballar en equipo.



O MEU lado da bufanda

Ensina o valor da amizade a través de una bufanda que os une, ás veces parece que os separa. Una metáfora sobre o valor da amizade verdadeira.



For the birds

Curta para integrar a diferenza



Empathise

Para traballar a empatía e tamén conciencialos sobre o coidado dos animais.



O valor da empatía

Aceptación física



Solo respira

A importancia de expresar as emocións e descubrir como controlar as actitudes negativas como a pena ou a rabia. Nesta práctica, en concreto, os protagonistas terán que aprender a respirar para conseguir calmarse.



Ian

Como debe actuar un neno cando se sente diferente e non o aceptan no grupo do patio do colexio? Este corto animado conta a historia de Ian, un estudante que non pode camiñar e quere ser igual que os seus compañeiros. A pesar dilo, no se rende y saca todas as súas forzas para superarse e, coa axuda dos seus novos amigos, consegue sentirse como uno más.



O alfarero

Importancia do tesón, paciencia e traballo



Importancia de que os nenos pensen por si mesmos, caian e volvan erguerse.

Materiais para traballar a escoita activa:

<https://dinamicasgrupales.com.ar/tag/escucha-activa/>

<http://elblogdelmandointermedio.com/2016/01/11/juegos-practicar-escucha-activa/>

<https://kidsintransitiontoschool.org/6-juegos-divertidos-para-ensenar-la-escucha-activa/>

<https://psicologiymente.com/social/ejercicios-escucha-activa>

<https://www.youtube.com/watch?v=N67Oq3IWfJg>

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLFbwuLfCJ6g7-bAbO1i3G3HLUfXgnZcrM>

ANEXO III AULA DE CONVIVENCIA

DEFINICIÓN:

A aula de convivencia, será denominada no noso centro como “A covaña de Roni”, será un lugar creado pola comunidade educativa, tendo como obxectivo prioritario que as alumnas e alumnos comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a regular as propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais. Este proceso aumenta as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e atopar estratexias para establecer relacións sociais e habilidades comunicativas coherentes e respectuosas a cada situación.

Este espazo será empregado por todos os individuos que precisen un lugar para autoregularse ante unha situación de conflito, ante unha situación emocional que precise un acompañamento docente individualizado. Tamén para tratar en pequeno grupo certos aspectos relacionados coa mellora de convivencia do centro.

A aula deberá ser coñecida por todos dende comezo de curso, polo que en setembro se baixará en grupos pequenos.

Con tal motivo, a aula de convivencia será un espazo acolledor, con recursos e materiais que permitan a regulación emocional, levando un control na aula de cando alguén baixa “Á COVAÑA DE RONI”.

Obxectivos da Aula de Convivencia

- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuír a desenrolar actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Posibilitar que a alumna ou alumno sintase competente dende o punto de vista emocional e na realización de certas tarefas.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Un espazo para chegar a acordos dende o diálogo e a reflexión.
- Educar para a vida, potenciando as relacións interpersoais de cada alumna o alumno, e dicir, para a súa integración satisfactoria na comunidade.
- Mellorar a vida académica e persoal da alumna ou alumno e do profesorado. En definitiva preténdese mellorar o clima de convivencia da aula e do centro en todos os espazos escolares: aulas, corredores, patio, etc.

NORMAS DE USO, HORARIOS, MESTRES ENCARGADOS:

Cada vez que alguén precise baixar e así o considere o titor, chamará ao profesorado de garda, para que supervise, ou se é preciso que se encargue o titor/a, para que se faga cargo da aula mentres o mestr@ se fai cargo dos requirimentos emocionais dese alumn@.

O rexistro da baixada a este espazo, servirá para poñer en aviso a titor/a de que algo pasa e se é o caso derivalo ao Departamento de Orientación.

MATERIAIS E RECUROS DA AULA DE CONVIVENCIA

A Aula de Convivencia será un aula de reducido tamaño no que se disporá do mobiliario de forma que facilitase o diálogo e a reflexión, realizar actividades de descarga e contención emocional.

Incorporando pouco mobiliario, chan acolchado, espazo diáfano para entrar.

Estará situado nun lugar próximo á sala de maestr@s para facilitar a xestión horaria e o acompañamento.

Nunha minoría de caso, nos que o Departamento de Orientación, interveña, poderá usala para traballar específico, tendo en conta as necesidades do alumn@

Materiais e recursos da aula de convivencia:

- materiais que propicien a descarga física dunha emoción (churros blandos, colchonetas, botes de calma, materiais manipulativos anti-estres)
- espazo de recollemento e calma. colchón con coxíns e unha tea grande
- música relaxante.
- Difusor de aromas e aceites.
- contos sobre diferentes temáticas emocionais, de igualdade, de habilidade social.
- unha mesa pequena, minimundo para a representación da situación a resolver.
- táboa de representación e identificación emocional.
- bote con papeis de estratexias para saír dunha situación emocional realizada polos alumn@s.
- un lugar para escribir, representar ou expresar a través da palabra ou o debuxo(cabaleta)
- xogos ou actividade que inviten a relaxación, meditación, calma(cartas de Ioga, materiais para realizar masaxes, mandalas, pictogramas de movementos braindgym para favorecer a calma, concentración, atención
- Recordatorio das preguntas restaurativas,.

ANEXO IV METODOLOXÍAS ACTIVAS

➤ NEUROEDUCACIÓN

ACTIVIDADES DE DISTENSIÓN E VOLTA Á CALMA (no final do sesións anteriores ao recreo)

- [Ximnasia cerebral](#)
- **Un *brain break*** ou pausa activa é una actividade que dura entre 2 e 5 minutos, na que cambiamos a rutina de pensamento da nosa mente na aula. Trátase de pequenas actividades nas que o alumando cambia de dinámica por uns minutos. Soen conlevar movemento e unha implicación activa dos alumnos/as co obxectivo de descansar o cerebro pero tamén de conectar con outras ideas, procesar a información e reactivar a atención.
Empurradas – en parellas, póñense de pé fronte unas doutras as mans arriba. Empuxando coas súas mans unicamente tentan facer mover os pés do outro.

Dun lado a outro: Dicit unha frase (ex. Gústame o chocolate). Os alumnos van nun lado da clase se lles gusta, noutro lado se non lles gusta ou no medio se están en medio. Pódese facer con moitas frases (gustos, animais domésticos, descrición física, etc.)

Simon di (Levantamos a man dereita, ou outros exercizos aeróbicos)

O pano– coller un pano desbotable, deixalo caer no chan e os alumnos teñen que aplaudir ata que tocasse o chan. Pódese facer con outros xestos.

Loita de mata piollos

Pedra, papel, tesoiras

Vento que move: Ven un vento que move a xente que ten camiseta vermella etc e teñen que cambiar de sitio

Repasos lanzando un balón, os propios alumnos xeran preguntas de repaso, tendo que pasar por toda a clase

Vicevice, secresecre: Xogo de palmas para ir pasándose un a outros, exemplo, vice vice dous dous, dous dous, secre secre...

<https://www.weareteachers.com/brain-breaks-for-kids/>

ACTIVIDADES DE VOLTA Á CALMA (Á volta do recreo)

Mindfunless: Libro tranquilos e atentos como una rana

Ioga. Libro de ioga para nenos ou de youtube [“Smile and learning”](#)

Lectura conxunta, libros para traballar:

- El monstruo de colores.
- Paula y su cabello multicolor.
- ¿Qué bigotes me pasa?
- Elmer. Diversidad
- A veces mamá tiene truenos en la cabeza. Sentimientos
- El hilo invisible. Relaciones familiares
- Por cuatro esquinitas de nada. Amistad aceptación y diversidad
- La ovejita que vino a cenar. Amistad
- Mabel y la montaña. Superación de retos y escucharse a sí mismos
- Busca. Disfrutar de la compañía
- Demasiadas cosas. Para reflexionar sobre lo material y su acumulación.
- El emocionómetro del inspector Drilo. Nubeocho ediciones
- El gran libro de las emociones. Parramón
- La ola. Barabara Fiore
- El secreto del amor. Malsinet
- Vacío. Bárbara Fiore
- El arte de emocionarte. Nube de tinta
- Emocionados. Palabras Aladas
- Invisible. Nube de tinta
- Los abracadabrantes de bojiganga y las emociones desbordadas. Desclee de Brouwer.
- Tranquilos y atentos como una rana: Tu guía práctica de serenidad. Kairos.
- Colección completa ¿Qué sientes?. Gaviota
- El libro negro de los colores. Libros del zorro rojo
- De Mayor quiero ser feliz (1) Beascoa
- De Mayor quiero ser feliz (2) Beascoa
- Descubro mis emociones. Cliper Plus
- ¿Qué necesito cuando me enfado?. Beascoa
- Tengo un volcán. Carambuco
- La cola de dragón. S.A. Miguel A. Salvatella
- Caritas divertidas. Altea
- El libro valiente. Takatuka

- Cuentos para educar niñ@s felices. SM
- Xogo de cartas emotio: O xogo para axudar a l@s niñ@s a xestionar as súas emocións e recuperar a calma
- Sacapenas: para traballar o exceso de preocupacións

ESTRATEGÍAS COOPERATIVA

0.5. La implantación del aprendizaje cooperativo



TRABALLO POR PROXECTOS



ANEXO V PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

As practicas restaurativas permiten previr, detectar, xestionar e resolver as situacións de conflito en diferentes ámbitos reforzando os vínculos afectivos entre as persoas. A xustiza reparativa frea o comportamento negativo de forma máis efectiva cos castigos ou sancións.

Así como:

- reducen a probabilidade de incidencia.
- Facilita a restauración entre as persoas implicadas no conflito.
- Axudan a crear un sentimento de pertenza e de comunidade.

REPERTORIO DE PRÁCTICAS RESTAURATIVAS A EMPREGAR NO CENTRO

- **PEQUENA REUNIÓN ESPONTÁNEA:** 2 ou máis persoas falan sobre un incidente, nun breve espazo de tempo

Preguntas restaurativas

QUE PASOU?

DE QUE XEITO CONTRIBUICHES A O QUE PASOU?

QUE PRECISAS QUE OCORRA PARA QUE SE ARRANXES AS COUSAS?

QUE PODES FACER TI, PARA QUE SE ARRANXEN?

- **CIRCULOS:** Podemos empregalos para:
 - Ó comezo ou final dunha clase, actividade, período (día, semana, trimestre, curso, ...)
 - Sobre o contido do curso ou da actividade (grupos de avaliación, obxectivos persoais, ...).
 - Sobre as relacións interpersoais (expresar sentimentos, cualidades das persoas, coñecernos mellor, resolución de conflitos, ...).
 - Para acadar acordos respecto a algo (normas da aula, trato adecuado na clase, calquera aspecto da convivencia, ...).
 - Para falar das metas ou logros que cada un se propón.
 - Ou círculos reactivos, como medida conciliada no incumprimento de normas.
 - Para solucionar un problemas xeral da aula...
- **TANQUE DE PEIXES:** Empregara se para avaliación e para problemas graves que non demos resolto, podendo así contar co apoio de todo o Claustro.

Secuencia:

 - 1 voluntario ou voluntaria comparte un problema
 - De 5 a 7 minutos ininterrompidos para describir o problema e permitir ó grupo coñecer o caso
 - 5 minutos para realizar preguntas aclaratorias
 - 10 minutos para ofrecer retroalimentación; o voluntario ou a voluntaria non interrompe, so escoita e toma anotacións
 - 2 minutos para que o voluntario ou a voluntaria reflexione sobre o que escoitou e mencione o grupo 1 ou 2 cousas que intentará facer
 - No caso de avaliación os tempos serán distinto 15 minutos para compartir, 10 minutos de dúbidas ou puntualización e debate.

ANEXO VI NOFvC

Estas medidas serán aplicadas tamén tomadas nas extraescolares, e colaboraremos co cumprimento das normas elaboradas para o comedor escolar, reuníndonos co concello e co ANPA en situacións contrarias á norma.

1. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á NORMA

- A. Tacos, frases mal soantes, insultos ou xestos ofensivos.
- B. Agresión física ou verbal, sexa cara o mestre, compañeiro ou calquera traballador ou asociación que nese intre se atope no centro.
- C. Tratos vexatorios: bromas humillantes, alcumes, mofas reiteradas...
- D. Discriminación pola razón que sexa: xénero, raza, relixión, condición sexual...
- E. Saír do recinto escolar sen compañía dos pai/(nai ou responsables legais ou no seu caso con autorización familiar ou do docente.
- F. Actitudes desafiante cara o adulto responsable.
- G. Apropriarse de material alleo.
- H. Traer obxectos obxectos perigosos ou punzantes.
- I. Empregar dispositivos móbiles no horario lectivo.
- J. Gravar cos portátiles abalar a compañeiros ou mestres sen consentimento.
- K. Deterioro intencional de propiedades ou materiais do centro.

No caso da etapa de infantil moitas condutas inadecuadas responden a falta de hábitos o estar nun proceso de adquisición de normas e patróns sociais axeitados. As pequenas discusións por algún obxecto ou mal trato dado ao material, correr polos espazos interiores, etc. non levan normalmente implícita unha mala intencionalidade, senón que son o reflexo do estadio evolutivo do alumnado. Ademáis, pequenas incidencias como falta de puntualidade, aseo ou inasistencia ás clases non dependen tanto deles como da actitude da familia, coa que habería que acordar pautas de comportamento en moitas ocasións.

1.1 CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

- A. Baixada a dirección.
- B. - K . Nos restantes apartados:
 - cubrirase un rexistro de incidencias, enviarase a casa por Abalar a infracción e o orixinal quedará en dirección.
 - Realizarán tarefas para subsanar o dano: escribir unha carta pedindo desculpas, poderán ser tamén tarefas a reparar un estropicio.
 - No caso dun ben roubado deberán restituílo.
 - Se as conductas leves son reiterativas: Reunirémonos coas familias e a raíz diso farase un programa específico creado para mellorar a conducta do alumno/a, en colaboración co

departamento coa colaboración da titora, que será aplicado polas tardes coas persoas que consideremos axeitadas segundo o caso, se é preciso empregarase un círculo restaurativo, avisando previamente á ou ás familias implicadas, explicándolle en que vai consistir e as preguntas que se formularán no círculo, o círculo non será imposto, solo recomendado.

- No caso de ser reiterativas, poderase expulsar o alumno de actividades extraescolares ou complementarias, dun prazo de ata dúas semanas.

2. CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

- O incumprimento das faltas leves 10 veces, no mesmo trimestre, será igual a unha falta grave.
- Agresión física que requira de atención ou valoración médica.
- Difusión por calquera medio de imaxes ou vídeos feitos sen consentimento.
- Accións que conleven acosos escolar.
- Suplantación da personalidade ou falsificación, en documentos académicos.
- Danos graves a material do centro ou instalacións, de modo deliberado.

2.2 CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Cubrirase un parte empregando o modelo da páxina “Educonvives”, eivarase por email e informarase disto por Abalar e o orixinal quedará en dirección. A dirección recadará nos dous días posteriores ao feito, información sobre o acontecido.
- O terceiro día informarase a Inspección Educativa e nomearase un Instructor, aínda que a vía que primeiro empreguemos sexa a conciliada. Tamén daremos aviso ao Consello escolar por email, no que se informará da conducta pero non da persoa que infrinxiu a norma.
- Seguidamente realizarase unha reunión coas familias das partes implicadas, se é preciso con alguén do E.D, empregando un círculo reactivo, do que serán avisadas, para poder empregar para resolvelo o procedemento corrector conciliado, no caso de negativa ou de non firmar os pais/nais os acordos tomados no círculo restaurativo, o día seguinte aplicarase unha medida non conciliada. Este círculo será levado a cabo por unha persoa allea aos feitos que forme parte da Comisión de Convivencia. é importante avisar na reunión que é un proceso voluntario e previo a un procedemento común. **TODOS OS ACORDOS E DECLARACIÓN FEITAS NO CÍRCULO REACTIVO PASARÁN A FORMAR PARTE DO SEU EXPEDIENTE CORRECTOR.**
- Estes acordos poden consistir en realizarán tarefas para subsanar o dano: tanto de axuda a comunidade escolar ou profesorado, como traballo emocional específico 1 ou 2 veces a semana durante 2 meses...
- Como procedemento común non conciliado, se aplicarán as medidas correctoras do artigo 38, d) e e) e h) do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación dla comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- A persoa responsable de tramitar o procedemento común é o instructor. Formulará a proposta de resolución e dará audiencia ao alumno e a familia. **Convocándoos a unha comparecencia nun prazo máximo de tres días lectivos contados dende a recepción da citación.** Levantarase acta.

- Solicitarase ó Consello Escolar a revisión da medida correctora, mediante unha **reunión ou escrito nun prazo máximo de dous días**.
- A dirección do centro, notificará por escrito á familia, a resolución adoptada nun máximo dun día, a partir da proposta do instrutor e da revisión do Consello Escolar, remitirá dita proposta a XEFATURA TERRITORIAL.

As condutas graves prescriben aos **catro meses**.

As medidas correctoras prescriben o ano dende a resolución do procedemento.

ANEXO VIII TIPOLOXÍA DE ACOS

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinação social	Activa	* Non deixar participar.
	Pasiva	* Ignorar.
Agresión verbal	Directa	* Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	* Falar mal de alguén ás súas costas.
Agresión física	Directa	* Pegar.
	Indirecta	* Agachar cousas. * Romper cousas. * Roubar cousas.
Maltrato	Mixto	* Ameazar para meter medo. * Ameazar con armas. * Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	* Actos.
	Acoso sexual verbal	* Comentarios.
Notas		
<p>* Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinação social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinação, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiros ou compañeras, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixirlle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.</p> <p>* Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.</p> <p>* Exemplos de manifestación cando se produce agresión física: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.</p>		

**NORMAS DE CONVIVENCIA
DO COMEDOR ESCOLAR
CEIP A RÚA**

**CURSO
2018-2019**

NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR ESCOLAR CURSO 2018-2019

1. INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo.

2. ORGANIZACIÓN

- O alumnado de Infantil entrará no comedor á 14.25h e as monitoras axudaranlles a colocarse os mandilóns e sentarse na mesa de infantil.
- Os/as titores/as de cada curso encargaranse de que o alumnado chegue ao comedor coas mans lavadas.
- O alumnado de Primaria entrará no comedor ás 14.30h e distribuiranse nas mesas por idades mixtas para garantir a orde e unha boa convivencia. Terán un plano á beira de cada mesa para saber cal é o seu sitio.
- As mochilas quedarán ordenadas e ben colocadas nos colgadoiros do comedor, ademais hai unha zona habilitada á beira da cociña para deixar as mochilas máis grandes.
- Unha monitora encargarse de servir a comida e o resto das monitoras terán que atender un grupo de nenos/as e mesas (4-5 mesas de Primaria por monitora ou a mesa de Infantil) (realizarse unha rotación semanal).
- As monitoras programarán os tempos para cada actividade: terminar o primeiro e segundo prato (coa sobremesa), lavar os dentes e recoller. Así evitaremos a improvisación, pero non a flexibilidade.
- Ao terminar de comer os/as alumnos/as de Infantil lavaranse os dentes no baño que hai á beira do comedor acompañados pola monitora encargada da mesa de

Infantil. Os/as alumnos/as de Primaria repartiranse entre o baño do comedor e o baño do corredor para lavar os dentes, supervisados por unha monitora.

- A partir das 15.30h o alumnado poderá elixir entre xogar nos recunchos habilitados no comedor ou saír ao patio si fai bo tempo. No caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan saír ao patio poderán ir ao pavillón. As monitoras realizarán algún taller/xogo/actividade co alumnado que queira participar a partir desa hora.
- Si hai alumnado de Infantil que o necesite as monitoras habilitarán unhas hamacas para que poidan durmir a sesta.
- Todo o material de hixiene persoal (neceser, cepillo e pasta) do alumnado de Primaria, estará identificado co nome de cada alumno/a e irá nas mochilas todos os días. Así cada familia poderá revisalos e cambialos cando estime necesario.
- As monitoras faranse cargo de dar os servizos necesarios e velar polo cumprimento das normas. Cada monitora co grupo de nenos/as que lle corresponda cada semana.
- Os horarios de recollida do alumnado serán ás 15:45h, 16:00 h e 16:20h. Para mellorar a coordinación e atención ao alumnado, a porta abrirase nos horarios establecidos e as familias que cheguen máis tarde desa hora terán que esperar á quenda seguinte, exceptuando casos puntuais debidamente xustificadas. As familias recollerán ao alumnado no portal do colexio, exceptuando os días de choiva que o recollerán na porta exterior do comedor.
- Despois do último horario de recollida, ás 16:20h, todo o alumnado que aínda permaneza no centro entrará dentro do comedor antes de abrir o portal. Unha monitora de comedor encargarse de organizar ao alumnado que asiste a actividades extraescolares e os/as monitores/as das actividades extraescolares recollerán ao alumnado pola porta interior do comedor e acompañarano ao lugar asignado para cada actividade. Outra monitora de comedor encargarse de organizar ao alumnado que se vaia a casa e as familias recollerano pola porta exterior do comedor.
- Se ás 16:30 queda alumnado sen recoller no comedor, as monitoras de comedor acompañarano á biblioteca e o alumnado quedarase a cargo do profesor/a de garda.
- No comedor haberá un libro de incidencias no que se rexistrará calquera incidente relacionado co servizo de comedor.

3. NORMAS DE CONVIVENCIA

3.1. ALUMNADO

- Entramos no comedor de forma ordenada e sen berrar.
- Deixamos as mochilas e os abrigos nos sitios indicados.
- Traballamos hábitos de hixiene antes e logo das comidas (lavarse as mans antes de comer e lavarse os dentes e as mans despois de comer).
- Esperamos con paciencia a que se sirva a comida.
- Respectamos as instalacións, o mobiliario e facemos un uso adecuado dos mesmos.
- Respectamos os lugares establecidos para cada comensal, salvo outras indicacións das monitoras.
- Adquirimos bos hábitos de alimentación e probamos todo o que se nos ofrezca.
- Comportámonos adecuadamente na mesa.
- Mantemos a mesa limpa e en orde, sen xogar coa comida nin os cubertos e si algo se derrama ou se cae recollémolo.
- Mentres estamos na hora da comida non podemos xogar na mesa nin no comedor.
- Evitamos levantarnos da mesa, cando falte algo ou se queira repetir algún prato levantamos a man para chamar á monitora.
- Falamos nun ton de voz adecuado.
- Respectamos aos e as compañeiros/as e mantemos unha actitude axeitada na mesa.
- Somos respectuosos/as cos/coas compañeiros/as e coas monitoras.
- Cando rematemos de comer, deixamos a mesa ordenada e colaboramos nas tarefas de recollida.
- Permanecemos sentados/as na mesa e saímos do comedor cando o indique a monitora.
- Durante o período posterior á comida, no uso dos patios de recreo, e ata o comezo das actividades extraescolares ou biblioteca escolar, deberán respectarse as seguintes normas:
 - Respectamos e coidamos o contorno, mobiliario e obxectos de xogo. Cando sexa a hora de recoller deixamos cada xogo no seu sitio.
 - Non discriminamos a ningún/a compañeiro/a no xogo.

- Proporcionamos axuda aos compañeiros/as en caso de ser necesario.
- Non accedemos aos lugares restrinxidos polas monitoras, é dicir, á parte de atrás do colexio, corredores e aulas
- Pedimos permiso sempre para:
 - Ir buscar calquera peza de roupa ou material ás aulas
 - Saír do pavillón (os días que coincida)
 - Ir a calquera baño fora do comedor
- Faremos caso ás monitoras cando chegue a hora da recollida.
- Non usamos os teléfonos móbiles, tablets, nin ordenadores durante o horario de comedor.

3.2. MONITORAS

- Estamos no comedor todo o equipo antes do inicio do servizo.
- Proporcionamos todos os utensilios necesarios que permitan a autonomía de todo o alumnado.
- Non obrigamos ao alumnado a comer, pero incentiváremolo sempre a probar e comer de todo.
- Respectaremos as inapetencias pasaxeras, pero realizaremos un seguimento individualizado para que o alumnado se alimente de forma adecuada.
- Mantemos as instalacións limpas e coidadas.
- Levamos un control das temperaturas, cantidades de comida e do correcto servizo do comedor.
- Somos respectuosas e atendemos as necesidades individuais de cada neno/a.
- Falamos nun ton adecuado e respectuoso ao alumnado.
- Fomentamos o diálogo como principio para a resolución de conflitos.
- Na hora de xogo sempre estaremos polo menos unha monitora vixiando ao alumnado (de acordo á ratio establecida e os nenos/as que estean).
- Mantemos o portal pechado ata as horas de recollida determinadas.
- Proporcionamos xogos e ideas no patio, procuramos a dinamización de actividades e fomentamos a relación cos demais e a súa integración.
- Atendemos e exercemos os primeiros auxilios en caso de ser necesario.
- Levamos a cabo unha coordinación consensuando as medidas e métodos de actuación.

- Informamos ás familias sobre a aceptación e resposta do menú e si houberse calquera tipo de incidencia no comedor, segundo rexistro diario.
- Anotamos no libro de incidencias do comedor calquera incidente que ocorra co alumnado ou as súas familias.
- Non usamos o móbil durante o servizo do comedor, exceptuando os días de choiva nos que os nenos están no pavillón, coa única finalidade de que a monitora encargada da porta avise á monitora de garda no pavillón cando chegan as familias a recoller ao alumnado.

3.3. FAMILIAS

- Recollemos ao alumnado nos horarios establecidos. Nos casos nos que cheguemos tarde esperamos ao seguinte horario de recollida.
- Lembramos ao alumnado as normas de convivencia e incentivámolo para que colaboren no bo funcionamento do comedor.
- Revisamos que o alumnado leve o material de hixiene necesario en boas condicións (neceser, cepillo de dentes e pasta, e mandilón no caso de infantil).
- Tratamos con respecto ás monitoras do comedor.
- Comunicamos as incidencias que se deriven do servizo de comedor, preferiblemente de forma escrita.

As incidencias poderán comunicarse preferentemente a través da ANPA, no correo anpaarua@gmail.com para que recollan as versións de todas as partes implicadas, e posteriormente canalicen a queixa á empresa concesionaria a través do concello, ou ao equipo educativo de ser o caso. Si o prefiren, as familias poderán comunicar a incidencia directamente ao Concello ou ao equipo educativo.

4. MEDIDAS CORRECTORAS. FALTAS E CORRECIÓNS APLICABLES

4.1. PRINCIPIOS XERAIS DAS CORRECIÓNS

- Terán carácter educativo e recuperador.
- Deberán garantir o respecto ao dereito dos demais.
- Buscarán a mellora nas relacións.
- Non atentarán contra a integridade física e a dignidade persoal.
- Serán proporcionais á falta cometida.

- No caso de ocasionar danos, intencionadamente ou por negligencia, deberán reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da reparación.
- Serán circunstancias atenuantes: o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta e a falta de intencionalidade.
- Serán circunstancias agravantes: a premeditación, a reiteración, as ofensas e danos a compañeiros/as de menor idade e aos de nova incorporación ao colexio.

4.2. FALTAS LEVES

- Accións que non permitan levar a cabo dun xeito normal as actividades do comedor (berrar, poñerse a correr, erguerse sen permiso, sentarse mal, acanearse na cadeira).
- Ignorar levemente as indicacións do persoal colaborador.
- Molestar os compañeiros/as durante a comida.
- Tirar restos no comedor, corredores, servizos e patios.
- Ignorar as correccións impostas polo persoal colaborador.
- Faltas de respecto a calquera membro da comunidade educativa.
- Agresións físicas ou doutro tipo e de carácter leve contra calquera membro da comunidade educativa.
- Producir pequenos danos nas instalacións do centro ou nos materiais.
- Utilizar un ton de voz pouco apropiado para un recinto pechado e non corrixilo despois dos apercibimentos do persoal colaborador.

Correccións das faltas leves e sancións (persoal colaborar e encargado)

- Chamada de atención do persoal colaborador do comedor e sempre utilizando o diálogo.
- Se é reincidente, será comunicado á familia por escrito.
- No caso de non ser suficientes estas accións, o encargado de comedor pasará a comunicación ao equipo directivo e avisará ás familias para buscar medidas conxuntas.
- No caso de danos intencionados ás instalacións ou materiais avisaranse ás familias para reparar o dano ou facerse cargo do custo de reparación.
- Se despois do aviso ás familias, non se corrixe, a falta pasaría a ser grave.
- Realización de tarefas específicas no horario de comedor que poden estar pensadas para reparar o dano causado.

- Separación temporal do grupo e da súa mesa durante eses días e integración noutra ou nunha mesa que estea libre.

4.3. FALTAS GRAVES

- A repetición de tres faltas leves nun mes e que estean rexistradas no parte de incidencias.
- Ignorar de xeito continuado as indicacións do persoal do comedor.
- Facer dano adrede ás instalacións do centro e aos materiais.
- Saír do comedor sen permiso do persoal colaborador ou non entrar.
- Erguerse da cadeira e moverse polo comedor.
- Tirar comida ou bebida, intencionadamente, ao pavimento ou a outros compañeiros/as.
- Introducir no comedor obxectos ou produtos non permitidos, que poidan causar dano aos demais.
- Agresións de todo tipo e actos de indisciplina graves contra membros da comunidade educativa.
- Non cumprir reiteradamente as correccións impostas polo persoal colaborador.
- A apropiación indebida de obxectos ou materiais que non lles correspondan.

Corrección das faltas graves e sancións (dirección do centro, comunicadas as familias)

- Comunicación inmediata do encargado do comedor á dirección do centro e logo este ás familias.
- Aviso por escrito que asinarán os representantes legais do alumno/a.
- Separación da súa mesa de comedor ata unha semana ou permanente, dependendo da falta.
- Realización de tarefas específicas no horario de comedor.
- No caso de danos intencionados ás instalacións ou materiais terán que reparar o dano ou facerse cargo do custo da reparación.
- Suspensión da asistencia ao comedor durante un período non superior a tres días lectivos nos que o alumno/a asista ao comedor.

4.4. FALTAS MOI GRAVES

- Chegar a ter tres faltas graves nun mes.
- Saír do centro sen permiso durante o horario do comedor.
- Ignorar reiteradamente ao persoal do comedor.
- Calquera outra conduta, dano ou acto inxustificado que afecte gravemente ao tempo do comedor, ás instalacións, ao mobiliario ou a calquera membro da comunidade educativa.

Corrección das faltas moi graves e sancións

- Calquera das consideradas para as faltas graves.
- Sanción imposta polo consello escolar logo da audiencia a pais/nais e segundo as Normas de Convivencia do centro.

5. CONCLUSIÓNS

O comedor escolar enténdese como unha actividade máis do proceso educativo do alumnado, polo que debemos traballar tanto nas normas de convivencia e hábitos no comedor, como nos tempos anteriores e posteriores. Para rematar, insistir en que o comedor escolar pode e debe ser un marco no que día a día o alumnado adquira mellores hábitos alimentarios e comprenda os beneficios dunha dieta saudable como parte da aprendizaxe escolar, ademais de influír positivamente no desenvolvemento de habilidades de convivencia e socialización.

Estas Normas de Convivencia foron aprobadas pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar do CEIP A Rúa, o 5 de febreiro de 2019.